

02

Departamento de Filoloxía Galega e Latina, *Cumieira das Letras*, vol.1, Universidade de Vigo, 2022, 207 páxinas.

**Antía Monteagudo Alonso**  
Universidade de Vigo

Orcid 0000-0003-3416-5068. [antiamonteagudo@gmail.com](mailto:antiamonteagudo@gmail.com). Universidade de Vigo. España.

*Cumieira* foi o nome que o Departamento de Filoloxía Galega e Latina da Uvigo escolleu en 2016 para presentar os seus cadernos de investigación da nova filoloxía galega. Con esta palabra pretendían homenaxear o topónimo tradicional do monte en que se atopa a Facultade de Filoloxía e Tradución e, dunha forma metafórica, reunir e divulgar os mellores traballos do seu alumnado. A este proxecto xa consolidado durante sete anos súmaselle, tamén desde esa cumieira física e figurada, unha nova revista anual e monográfica que aposta, desta vez, por divulgar voces recoñecidas da investigación na literatura galega. O primeiro volume de *Cumieira das Letras* está dedicado a Álvaro Cunqueiro e inclúe sete artigos de reflexión e unha sección de notas que abordan as facetas xornalística, poética e narrativa do autor desde posturas metodolóxicas moi variadas. Tamén consta dunha sección final en que se inclúen dúas recensións de libros.

A revista ábrese co texto máis extenso e que se centra en mostrar novos textos da obra cunqueiriana. O artigo “Poesía recuperada de Álvaro Cunqueiro” xunta a tres prolíficos investigadores para rescatar e dar a coñecer textos do autor que se poden clasificar en dous grandes grupos: poemas creados entre 1928 e 1929, cando Cunqueiro era adolescente e admiraba autores como Manuel Antonio; e un segundo grupo de notas, borradores, recreacións e exercicios de estilo que precederon algunhas das súas publicacións máis relevantes. Manuel Forcadela e Xosé Henrique Costas, en colaboración con Iago Castro Buerger, explican como chegaron ata os textos que aquí ven a luz e mostran a súa sorpresa de que nunca antes fosen publicados. O material que reproducen ten diversas procedencias, como un caderno de 1928, algunhas follas soltas, publicacións periódicas (anteriores a 1933), textos de Bos Aires, outros reproducidos en libros e, finalmente, o que denominan “poemas soltos e esfiañados”.

O segundo artigo recolle un relatorio impartido por Ferrín sobre Álvaro Cunqueiro, así como a correspondente quenda de preguntas e respostas. Trátase dunha contribución que conta a experiencia persoal de alguén que tratou co autor e que viu a súa consideración e comportamento no panorama literario galego. X. L. Méndez Ferrín comeza indicando que xulga necesaria a perspectiva cronolóxica e a existencia de xéneros literarios para a análise da súa obra, algo que asume que pode ser entendido como unha postura reaccionaria para algunhas persoas da crítica. Se ben a metodoloxía escollida lle permite situar a Cunqueiro como un autor da xeración do 36 –cuxa principal característica sería producir literatura nun contexto marcado pola Guerra Civil– tamén o obriga a asumir que “Cunqueiro é moitos Cunqueiros” e, polo tanto, a analizar por separado todas as facetas cultivadas polo autor, que, nalgúns casos, non teñen unha fronteira xenérica moi clara. O que pode resultar máis suxestivo é, sen dúbida, o testemuño de quen conviviu con Cunqueiro no espazo literario galego e que pode ofrecer outras perspectivas de estudo sobre a vida e obra do autor.

A seguir, preséntanse unha serie de textos que se focalizan na análise de trazos propios da obra cunqueiriana. Iago Castro Buerger céntrase na etapa de Álvaro Cunqueiro en *Faro de Vigo* e estuda as relacións que o autor teceu coa literatura de fóra de Galicia grazas ao suplemento *Arte y Letras* (1962- 1967), denominado despois *Letras* (1967- 1981). Ao longo destas páxinas, que incluían traducións, recensións e crítica literaria, Cunqueiro asina con numerosos pseudónimos –algúns, como Álvaro Labrada, xa os utilizara na súa época narrativa. Buerger identifica aquí o uso de pseudónimos cunha función práctica, motivada pola súa faceta de xornalista e, por outro lado, cunha función poética, que ten que ver co gusto do autor pola onomástica, polos xogos dos espellos e a confusión. Desta forma, a obra de Cunqueiro mostra un continuo diálogo coas traducións e recensións de outros autores que apareceron no suplemento cultural.

Pola súa banda, Marta María Mexuto investiga a presenza do mito en Cunqueiro, do cal sinala a súa transversalidade: aparece en narrativa, poesía e xornais, ás veces xa desde o título. O que resulta máis destacable é que, moitas veces, non respecta o mito como tal, senón que o mestura con elementos da súa contorna. Pon como exemplo paradigmático a obra *Un hombre que se parecía a Orestes*. Mexuto recorre a algunhas declaracións de Cunqueiro para analizar a forma en que utiliza o mito: segundo el, non refai ou moderniza, senón

que simplemente conta unha historia que talvez ocorreu. Na concepción literaria cunqueiriana teñen cabida diferentes versións da historia sen que unhas se sobrepoñan ás outras. Con isto, non pretende desmitificar o relato ou ridiculizalo, senón contar a historia achegándoa aos elementos que el coñece e desde a admiración, para o que Mexuto utiliza o concepto de parodia de Linda Hutcheon.

A seguir, Miguel González Somovilla estuda os artigos xornalísticos de Cunqueiro, espallados por diferentes xornais durante máis de cincuenta anos e que asumen diferentes formatos: pés de foto, crítica literaria e gastronómica, crónica de viaxes etc. O autor considera que estes artigos son unha parte fundamental da obra do mindoniense e que, citando o seu fillo César Cunqueiro, son un rexistro da visión cunqueiriana do mundo, por moito que o autor se queixase nalgũa ocasión de que lle quitaban tempo para escribir ficción. A partir da presenza da figura da cerva na obra ficcional e xornalística de Cunqueiro, o autor pretende mostrar que unha mesma idea transita por distintos formatos e xéneros literarios. Tamén pon de exemplo os pés de foto da última páxina, que Quique Costas denomina microrrelatos, ou tamén os adiantos literarios que aparecen nos xornais e que logo publica en formato libro, como ocorreu con “Un reló de area”.

A cunqueiriana de honra Rexina Vega reflexiona sobre a influencia do autor noutros artistas e procura pegadas da súa obra na literatura galega. Comeza o seu percurso na década dos 60 e atopa n’*Os escuros soños de Clío* (1979), de Carlos Casares, algúns trazos en común coa obra de Cunqueiro. Xa nos 80, pensa que se usa de forma sistemática o adxectivo ‘cunqueiriano’ para dar conta dun conxunto de producións de realismo máxico que, non obstante, se distancian da obra do de Mondoñedo ao facerse sempre dentro dun marco de alegoría nacional. Algo semellante ocorre nos 90, onde autores como Xosé Miranda, que se sitúan na estela de Cunqueiro, non se identifican como ‘cunqueirianos’, xa que se centran só na prosa e non aplican o maravilloso a todos os campos literarios. Da década dos 2000, Rexina Vega sinala catro nomes cuxa obra ten puntos en común con Cunqueiro: Begoña Caamaño, Manuel Lorenzo Baleirón, María Lorenzo Miguens e Antón Castro. Por último, na literatura de hoxe, Vega atopa pegadas cunqueirianas en escritores como Manuel Darriba, Juan Tallón ou Manuel Jabois.

No sétimo artigo do libro, Armando Requeixo presenta un elemento da obra de Cunqueiro aínda pouco investigado: a viaxe. Nas súas notas sobre o tema, asegura que os desprazamentos son importantes para estruturar os seus textos, xa que conflúen as viaxes internas e externas, ficcionais e imaxinarias coas reais e ultrarreais. Ademais, é importante ter en conta que Cunqueiro deixou testemuño de travesías en moitos textos: os da ficción, os das crónicas xornalísticas e os das guías de viaxe que publica. Pero tamén o fai mediante a volta aos mitos ou mediante a visita a espazos literarios como o de Oriente Medio, o mundo grecolatino ou a Italia renacentista. Para Cunqueiro, viaxar é un acto espiritual e nel conflúen todas as sensacións e cousas que ocorreron no camiño, alén de fortalecer e encher de experiencias a quen realiza o percurso. Requeixo identifica en Cunqueiro unha influencia da tradición bíblica segundo a cal a viaxe parte da promesa de recuperar o paraíso do que fora expulsado o ser humano.

A última achega é, se cabe, a máis sorprendente ao presentarnos un misterio aínda sen resposta. Xesús González Gómez analiza as mencións que Cunqueiro fai nos seus artigos xornalísticos do poeta norteamericano Mac Calvert, do cal traduce poemas. Este autor aparece nomeado coas variantes Phillips, Phyllis, Phyllips e ata Felipe Mac Calvert. Non obstante, ningún deses nomes se corresponde cunha figura literaria existente. Se ben podería tratarse do que Costas e Castro Buerguer decidiron chamar ‘poemas apócrifos’ de Cunqueiro, González Gómez menciona a poeta norteamericana Phyllis McGinley, con quen Mac Calvert ten varios trazos en común. Así, propón a posibilidade de que Cunqueiro coñecese de primeira ou segunda man a obra de Phyllis McGinley, galardoada co premio Pulitzer e da cal se recolleron certas informacións na prensa española.

O autor non resolve o misterio de Mac Calvert pero coloca dúas hipóteses: que se trate dun *lapsus* tendo en conta que existía unha actriz chamada Phyllis Calvert ou que a autora puidese asinar algún dos seus libros mediante unha inicial en lugar do seu nome completo.

Na sección de Notas, César Morán conta a súa experiencia ao entrevistar a Cunqueiro en Vigo días antes da morte do autor. Nas súas palabras aínda se percibe a ilusión pola celebración do encontro. Morán recoñece que se tratou dunha entrevista máis guiada pola emoción ca por unha metodoloxía programada e así o demostra a anécdota de que viaxou en tren desde A Coruña só cun radiocasete para gravar a conversa e que non se lle ocorreu levar unha máquina para tirar unha fotografía xuntos. O relato de César Morán revela o lado máis humano de Cunqueiro e describe con detalle os elementos da casa en que foi recibido polo autor, así como as accións que ocorreron durante aquela tarde. Deixa abertas as portas a continuar publicando e analizando esa entrevista en futuros artigos.

A última parte da revista inclúe dúas recensións que sitúan o Departamento de Filoloxía Galega e Latina da UVigo no contexto da filoloxía galega. En primeiro lugar, Patricia Arias Chachero fai unha lectura da publicación *Non haberá illa, pró hai o nome. Homenaxe a Antón Palacio*, mentres que Moncho Iglesias Martínez fai o propio coa obra de Camiño Noia *Catalogue of Galician Folktales*. A primeira, editada por Aquilino Alonso e Xosé A. Fernández Salgado, é un conxunto de artigos de investigación que serve como homenaxe á incansable traxectoria do profesor recentemente xubilado e, na segunda, salientase que Camiño Noia consegue internacionalizar a literatura galega ao crear o catálogo de contos orais en galego e aínda engadir novos tipos rexionais aos formulados por Aarne e Thomson (e ampliados despois por Uther).

Non hai ningunha dúbida de que o primeiro número de *Cumieira das Letras* recolle excelentes contribucións de expertos/as na obra do mindoniense. Non obstante, é importante destacar que non se trata dunha publicación dedicada unicamente a un público especialista en Cunqueiro, senón que é atinxible para a maior parte das lectoras e lectores. Isto pode deberse á benquerenza con que foi editada a revista e que se fai perceptible xa nos agradecementos iniciais ao ex-profesorado da Uvigo. Tamén, ao discurso próximo que predomina nos textos, así como ao relato persoal e de admiración que mostra a maior parte das persoas que asinan os estudos aquí recollidos. A cumieira da investigación literaria galega non só nos ofrece erudición, senón que nos abre as portas da familia cunqueiriana para que nos acheguemos a unha figura prolífica e única nas nosas letras.



<https://revistas.udc.es/index.php/rgf>

## Edita

Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña,  
co patrocinio de ILLA (Grupo de Investigación Lingüística  
e Literaria Galega)

### Dirección

Teresa López, Universidade da Coruña (España)  
Xosé Manuel Sánchez Rei, Universidade da Coruña (España)

### Secretaría

Diego Rivadulla Costa, Universidade da Coruña (España)

### Consello de Redacción

Ana Bela Simões de Almeida, University of Liverpool (Reino Unido)  
Pere Comellas Casanova, Universitat de Barcelona (España)  
Iolanda Galanes, Universidade de Vigo (España)  
Leticia Eirín García, Universidade da Coruña (España)  
Carlinda Fragale Pate Núñez, Universidade Estadual do Rio de Janeiro (Brasil)  
Xavier Varela Barreiro, Universidade de Santiago de Compostela (España)  
Xaquín Núñez Sabarís, Universidade do Minho (Portugal)

### Comité asesor

Ana Acuña, Universidade de Vigo (España)  
Olga Castro, University of Warwick (Reino Unido)  
Regina Dalcastagnè, Universidade de Brasília (Brasil)  
Manuel Fernández Ferreiro, Universidade da Coruña (España)  
Roberto Francavilla, Università degli studi di Genova (Italia)  
Ana Garrido, Uniwersytet Warszawski (Polonia)  
José Luiz Fiorin, Universidade de São Paulo (Brasil)  
Xoán Luís López Viñas, Universidade da Coruña (España)  
Xoán Carlos Lagares, Universidade Federal Fluminense de Niterói (Brasil)  
Sandra Pérez López, Universidade de Brasília (Brasil)  
María Olinda Rodrigues Santana, Universidade de Trás-Os-Montes  
e Alto Douro (Portugal)

### Comité científico

Silvia Bermúdez, University of California, Santa Barbara (Estados Unidos)  
Evanildo Bechara, Universidade Federal do Rio de Janeiro (Brasil)  
Ângela Correia, Universidade de Lisboa (Portugal)  
Carme Fernández Pérez-Sanjulián, Universidade da Coruña (España)  
Manuel Ferreiro, Universidade da Coruña (España)  
Maria Filipowicz, Uniwersytet Jagiellonski (Polonia)  
Xosé Ramón Freixeiro Mato, Universidade da Coruña (España)  
María Pilar García Negro, Universidade da Coruña (España)  
Helena González Fernández, Universidade de Barcelona (España)  
Xavier Gómez Guinovart, Universidade de Vigo (España)  
Pär Larson, CNR - Opera del Vocabolario Italiano, Florencia (Italia)  
Ana Maria Martins, Universidade de Lisboa (Portugal)  
Kathleen March, University of Maine (Estados Unidos)  
María Aldina Marques, Universidade do Minho (Portugal)  
Inocência Mata, Universidade de Lisboa (Portugal)  
Juan Carlos Moreno Cabrera, Universidad Autónoma de Madrid (España)  
Andrés Pociña, Universidade de Granada (España)  
Eunice Ribeiro, Universidade do Minho (Portugal)  
José Luís Rodríguez, Universidade de Santiago de Compostela (España)  
Marta Segarra, CNRS (Franza) / Universitat de Barcelona (España)  
Sebastià Serrano, Universitat de Barcelona (España)  
Ataliba T. de Castilho, Universidade de São Paulo (Brasil)  
Telmo Verdelho, Universidade de Aveiro (Portugal)  
Mário Vilela, Universidade do Porto (Portugal)  
Roger Wright, University of Liverpool (Reino Unido)

### Cadro de honra

Álvaro Porto Dapena (1940-2018), Universidade da Coruña (España)  
José Luis Pensado (1924-2000), Universidade de Salamanca (España)  
Rafael Lluís Ninyoles (1943-2019), Conselleria de Educació i Ciència,  
Generalitat Valenciana (España)



Depósito legal/ C584/2000  
ISSN/ 1576-2661  
ISSN-e 2444-9121  
Deseño/ Novagarda